



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

**DILIXENCIA.-** Extendoa eu secretaria para facer constar, que visto que as empresas CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L., CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L. e SONDEOS PORZUNA S.L., presentanse como empresas vinculadas, aplícase o disposto no artigo 149.3 da Lei de contratos do sector público e artigo 86.1 do Real decreto 1098/2011, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das administracións públicas, tomándose unicamente para aplicar o réxime de apreciación de ofertas desproporcionadas ou temerarias, a oferta máis baixa das tres citadas, producíndose a aplicación dos efectos derivados do procedemento establecido para a apreciación de ofertas desproporcionadas ou temerarias, respecto das restantes ofertas formuladas polas empresas do grupo.

No expediente de contratación da obra: **Reparación e asfaltado en Sobre a Igrexa-Guísamo, Mesoiro e A Lagoa, incluída no Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019 do AGADER. Exp. 2018/C003/000001**, a empresa **CONSTRUCCIONES J MAURI E HIJOS SL.**, oferta un prezo total de **42.447,62 euros**, e a empresa **SONDEOS PORZUNA SL.**, oferta un prezo total de **43.274,75 euros**.

A oferta de **CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS** estaría entre a 2ª (cunha valoración de 80,90 puntos) e a 3ª (cunha valoración de 60,20) ofertas por orden de puntuación; a oferta de **SONDEOS PORZUNA S.L** estaría entre a 2ª e a 3ª ofertas, por detrás de Construcciones J Mauri e Hijos SL.

Bergondo, 21 de agosto de 2018

A secretaria. Ana Mª Cacharrón Castelos